CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A FORMACIÓN DUNHA CUADRILLA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS EXTRAORDINARIOS DE LIMPEZA DE PRAIAS.

1.- Obxecto da convocatoria: Contratación de persoal para a realización dos traballos extraordinarios de limpeza de praias durante a campaña de 2010, condicionados á concesión da subvención da Diputación Provincial para a campaña de limpeza de praias 2010.

2.- Número de Prazas: Convócanse catro prazas de peón e unha de capataz de cuadrilla.

3.- Tipo, Duración do Contrato e Salario: O contrato será de duración determinada, para a realización da obra ou servizo determinado, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, sendo a duración do contrato de TRES MESES, cunha xornada laboral a tempo completo. O salario a percibir polos traballadores será o correspondente ao salario minimo interprofesional para o ano 2010 (633,30.-€/mensuais).

4.- Condicións dos traballos a realizar:

As funcións a realizar serán as seguintes:

- Limpeza das praias e áreas de ocio anexas a elas do Concello de Pontedeume.
- Acondicionamento das mesmas.
- Todas aquelas outras que poidan xurdir en relación cos traballos antes citados.

Para a realización destes traballos de limpeza corresponderalle ao Concello de Pontedeume o transporte do persoal da Cuadrilla cando por necesidades do servizo ou circunstancias imprevisibles o persoal teña que desenvolver o seu traballo en zonas distintas a aquelas ás que estivere adscrito.

5.- Requisitos xerais dos Aspirantes: Os aspirantes deberán reunilos seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe –sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.

d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades

Autonomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

6.- Requisitos particulares dos aspirantes: Os requisitos particulares para ocupa-los distintos postos de traballo dentro da cuadrilla que deberán reuni-los aspirantes, serán os seguintes:

* O capataz da cuadrilla deberá reunir ademáis dos requisitos sinalados na base 5, os seguintes:

- Ter carnet de conducir clase B.

7.- Solicitudes:

1.- As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao Modelo que figura no Anexo I desta convocatoria e deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello, no prazo de 7 **días naturais** desde a súa publicación nun dos diarios de máxima difusión da provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, ou pola forma que determina o art. 38.4 de la Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común, si se obtase por algunha destas formas de presentación de instancias, deberán comunicalo ao Concello, ven telefonicamente ou por Fax, con anteriarioridade á data de remate do prazo de presentación de instancias.

2.- A instancia para formar parte no proceso de selección, acompañarase dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

E no seu caso

b) Copia do carnet de conducir clase B (Base 6)

8.- Lista de admitidos e excluídos: A lista de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello o **primeiro día hábil seguinte** a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias, indicando na mesma a data e hora de celebración das fase da oposición.

9.- Sistema de selección.-

A selección farase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de oposición, que constará de dous exercicios:

PRIMER EXERCICIO: Consistirá en responder a un cuestionario de preguntas relacionadas co coñecemento do municipio e dos traballos a realizar, puntuarase ata un máximo de 10 puntos, tendo que acadar un mínimo de 5 para supera-la proba.

SEGUNDO EXERCICIO.: Consistirá nunha proba practica, proposta polo tribunal, relacionada cos traballos que teran que realizar e coas farramentas que utilizarán os traballares que saian seleccionados.

Terminada a calificación dos aspirantes, o Tribunal calificador publicará a relación de aprobados por orden de puntuación final, sendo propostos para a contratación os candidatos que acaden a maior puntuación.

O candidato que acade unha maior puntuación, e que cumpla os requisitos particulares do punto 6 das presentes bases, será a persoa proposta para o posto de capataz.

No caso de empate na puntuación final darase preferencia ao candidato que posúa unha maior experiencia en campañas de limpeza de praias en anos anteriores. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente do Tribunal.

Non poderán seleccionarse mais candidatos que prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha relación de reservas por orde de puntuación obtida para cubri-las posibles vacantes, por baixa ou renuncia, que poideran producirse, só válido para o presente ano.

10.- Tribunal calificador.-

1.- Estará formado do seguinte xeito:

Presidente:.Un técnico do Cocnello, funcionario ou persoa laboral fixo.

Vocais: . Dous técnicos do Concello, funcionario ou persoal laboral fixo.

Secretaria: Con voz e sen voto, a do Concello ou funcionario en quen delegue.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo. De tódalas reunións que faga o tribunal levantarase acta polo secretario do mesmo.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas.

6- O Tribunal poderá autoriza-la incorporación ás sesións dun/s asesor/es, con voz e sen voto, cando excepcionalmente se requira para a adecuada cualificación.

7.- O alcalde, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do Decreto correspondente que resolverá a contratación.

11.- Formalización do contrato.-

Rematada a selección, elevarase a proposta á Alcaldía Presidencia para a Resolución do expediente, mediante Decreto que será notificado ós participantes seleccionados.

O contrato formalizarase cos aspirantes seleccionados no prazo máximo de tres días naturais dende a data de notificación do Decreto de nomeamento, debendo presenta-la documentación esixida, procedendo ás súas altas na seguridade social e en nómina. Os aspirantes seleccionados deberán prestar, previamente á toma de posesión, xuramento ou promesa, de conformidade co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

12.- Norma Final.-

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e especialmente no R.D 2720/1998, de 18 de decembro e no R.D. Lei 8/1997, de 16 de maio, e demáis lexislación concordante en materia laboral.

Pontedeume**,** oito **de xuño de dous mil dez.**
O ALCALDE.

Asdo. Gabriel Torrente Piñeiro.